

MANIFIESTO 8M - Vigo, 7 de marzo de 2024

Este 8M, Día Internacional da Muller, queremos visibilizar ás mulleres que defenden os dereitos humanos e o medioambiente en todo o mundo: mulleres que están na primeira liña en loita contra a discriminación e a desigualdade, que traballan pola protección do territorio, o coidado da terra e por un estilo de vida máis sostible: desde as mulleres indíxenas de pobos orixinarios ata as nosas mulleres labregas e que viven no rural, aquí en Vigo e en toda Galicia.

Vivimos nun sistema socioeconómico insostible que xera exclusión, desigualdades, que explota o medioambiente e que invisibiliza as achegas fundamentais que tanto a natureza como as mulleres ofrecen á sustentabilidade da vida. Non podemos seguir explotando os recursos do planeta sen pensar nas consecuencias. É hora dun cambio radical, dun novo modelo que poña a vida no centro. Neste contexto, as loitas pola defensa da natureza veñen marcadas pola violencia e a criminalización. En 2022 foron asasinadas 177 persoas defensoras, unha cada dous días. E aínda que a maioría foron homes, as mulleres enfróntanse ademais a outros tipos de violencia específicas ao xénero, para controlalas, silencialas e reprimir o seu poder e autoridade como lideresas.

Os dereitos sociais, económicos e culturais vense tamén vulnerados xa que as mulleres teñen menor posibilidade de acceder á educación, ou á participación plena da vida social e política. Así, as mulleres defensoras indíxenas e afrodescendentes enfróntanse a un dobre desafío: a loita pública para defender a súa terra e a súa identidade cultural, e a loita para defender o seu dereito para manifestarse dentro das súas comunidades e familias. Neste contexto, moitas son asasinadas, perseguidas, discriminadas, maltratadas e violentadas física e psicolóxicamente.

POR ISO DEMANDAMOS:

1. A visibilización e a posta en valor do traballo das mulleres na defensa do medio ambiente e do coidado da terra
2. Por no centro o coidado do territorio fronte ao modelo dominante de explotación e extracción de recursos naturais. A violencia que se exerce sobre o planeta e sobre as mulleres responden a un mesmo patrón baseado na depredación dos recursos e o reforzamento de xerarquías e desigualdades sociais
3. Reivindicamos a importancia de adoptar novos estilos de vida máis sostibles, dado que os impactos ambientais, sociais e culturais en territorios indíxenas e rurais están estreitamente ligados ás demandas dos mercados internacionais. E aquí apostemos polo comercio de produtos de proximidade
4. Esiximos ás nosas empresa e goberno que dean pasos concretos para protexer o medioambiente, tomando en consideración os efectos específicos do cambio climático e a degradación do territorio nas mulleres. É dicir, que todas as medidas que se tomen teñan enfoque de xénero
5. Aos nosos dirixentes, pedimos que adopten políticas que poñan en valor o sector dos coidados e de corresponsabilidade efectiva. E, a nivel

educativo, impulsar unha reforma baseada na coeducación que integre a educación en igualdade e o respecto pola diversidade.